Ana Belén Ermida Igrexas (1 para 2)
alcaldesa
Data de Sinatura: 28/09/2026
HASH: 45444d900b204bd69ecc71931d1a5f74

Begoña Teijeiro Campo (2 para 2)
Secretaria
Data de Sinatura: 28/09/2026
HASH: cbe82b74a1ca5133058eb9cd7505b5737

RESOLUCIÓN DE ASIGNACIÓN DE HORARIOS DE USO DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO MUNICIPAL PARA A TEMPADA 2026-2027 (OUTUBRO 2026 A XUÑO 2027)

O pasado 11 de setembro de 2026 ditouse por esta Alcaldía o Decreto 2026-0674, polo que se abría o prazo para a presentación de solicitudes para a reserva de uso do pavillón polideportivo municipal para a tempada 2026-27, entendendo como tal o período comprendido entre o 1 de outubro de 2026 e o 30 de xuño de 2027.
Durante este período presentaron as solicitudes de uso do pavillón que se detallan as seguintes entidades e/ou colectivos:

- **Fútbol Sala San Cosme**
  Nº deportistas: 50
  Actividade a desenvolver: Fútbol Sala
  Horario solicitado: Todos os martes de 21.30h a 23.30h.

- **Praias de Barreiros C.D.**
  Nº de deportistas: 51
  Actividade a desenvolver: Fútbol sala masculino e feminino
  Horario solicitado:
    - De Luns a venres de 19.00h a 22.15h
    - Sábados e domingos de 9.00h a 15.00h e de 16.00h a 22.00h.

- **Veteranos de Barreiros**
  Nª de deportistas: 25
  Actividade a desenvolver: Fútbol Sala
  Horario solicitado: Todos os venres de 21.30h a 23.30h.

Por outra parte, é preciso contemplar a posta en funcionamento das escolas deportivas municipais que iniciarán a súa actividade a partir do vindeiro 1 de outubro e que precisarán o emprego do pavillón municipal para o seu desenvolvemento nos seguintes días e horarios:

- Martes: 16.30h a 18.30h
- Mércores: 17.30h a 18.30h
- Xoves: 16.30h a 18.30h

A Ordenanza municipal reguladora da taxa pola utilización ou reserva de espazos públicos e inmobles de uso público no Concello de Barreiros, aprobada polo Pleno da Corporación en sesión de data 24 de novembro de 2014 e publicada no BOP de Lugo nº22 de 28 de xaneiro de 2015, establece, entre outras disposicións, que "a realización de actividades de carácter non lucrativo ou as organizadas polo concello, sempre terán preferencia á hora de obter a autorización dun determinado espazo municipal!, asemade que "están obrigados ao pago da presente taxa as persoas e entidades con ánimo de lucro que soliciten a utilización das instalacións, espazos ou inmobles e quen as utilice de forma privativa ou con aproveitamento especial ainda sen teren obtido a preceptiva autorización", e que "non están obrigadas ao pagamento de cantidade

Cod. Validación: R7PL2CKGZWSEJSYMFPWD6SESE
Corrección: https://barreiros.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 4

algunha as actividades ou actos de calquera índole, organizadas polo Concello de Barreiros ou por entidades, e asociacións sen ánimo de lucro ou persoas físicas, sempre e cando as mesmas non busquen unha finalidade lucrativa, directa ou indirecta, ou expectativas de carácter económico."

Por outra parte, o antedito Decreto 2026-0674, de 11 de setembro, establecía, na súa parte dispositiva a prioridade de uso da instalación (actividades promovidas polo propio Concello, clubs ou entidades barreirenses con actividade competitiva, entidades asociativas barreirenses sen ánimo de lucro, outros colectivos sen ánimo de lucro, e, por último, actividades puntuais de colectivos sen ánimo de lucro, non constituídos formalmente), así como a garantía de que todas as entidades ou colectivos solicitantes tiveran dereito ao uso do pavillón municipal durante a tempada 2026-2027.

En consecuencia do exposto, tendo en conta o disposto na Ordenanza municipal reguladora da taxa pola utilización ou reserva de espazos públicos e inmobles de uso público, así como no R.D. 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais (artigo 74 e seguintes) e no Regulamento d Servizos das Entidades Locais; en uso das facultades que me outorga o artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar en base aos criterios antes expostos de prioridade e garantía de acceso, a seguinte asignación do horario uso do pavillón municipal para a tempada **2026-2027 (dende o 1 de outubro de 2026 ata o 30 de xuño de 2027):**

1. Ás actividades deportivas das Escolas municipais, organizadas e promovidas polo propio Concello, as horas anteriormente sinaladas, é dicir:

    - Martes: 16.30h a 18.30h
    - Mércores: 17.30h a 18.30h
    - Xoves: 16.30h a 18.30h

2. Ao Praias de Barreiros, C.D, como club con equipos federados de fútbol sala e actividade competitiva os seguintes días e horarios:
    - Luns: 19.00h a 22.15 h
    - Martes: 19.00h a 21.45 h
    - Mércores: 19.00h a 22.15h
    - Xoves: 19.00h a 22.15h
    - Venres: 19.00h a 21.45h
    - Sábados e/ou domingos: segundo calendarios de competición

3. Ao CD Veteranos de Barreiros, como asociación deportiva con sede social en Barreiros, os venres de 21.45h a 23.30h.

4. Ao colectivo Fútbol Sala San Cosme, como agrupación barreirense sen personalidade xurídica e sen ánimo de lucro, os martes en horario de 21.45h a 23.30h.

DECRETO
Número: 2026-0735 Data: 28/09/2026

Cod. Validación: R7PL2CKGZWSEJSYMFPWD6SESE
Corrección: https://barreiros.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 4

Así, o calendario semanal quedaría disposto segundo o seguinte modelo:



SEGUNDO.- Declara exención de pagamento da taxa por reserva de inmobles e espazos de uso público por tratarse todas as entidades e grupos solicitantes de colectivos sen ánimo de lucro.

TERCEIRO.- A reserva de horario queda condicionada ao uso real da instalación. De detectarse que o pavillón non está sendo empregado de xeito reiterado no tempo reservado por razóns alleas a esta Administración, a autorización poderá deixarse sen efecto.

CUARTO.- Non están permitidas as cesións de uso a terceiros. No caso de que algunha das entidades autorizadas modifique, reaxuste ou ceda total ou parcialmente o seu horario de uso da instalación municipal, esta modificación deberá ser comunicada e aprobada previamente polo Concello.

QUINTO.- As entidades solicitantes, así como calquera outra que o desexe, poderán solicitar o uso da instalación nos horarios nos que esta quede dispoñible despois da asignación de horas obxecto deste procedemento.

Cod. Validación: R7PL2CKGZWSEJSYMFPWD6SESE
Corrección: https://barreiros.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 4

SEXTO.- Dar publicidade á presente Resolución comunicándoa ás entidades solicitantes para o seu coñecemento.

SÉTIMA.- Comunicar a todos os clubs, colectivos ou asociacións usuarias, que esta autorización concédese en precario, de tal xeito que poderá suspenderse ou quedar sen efecto en calquera momento e sen que proceda indemnización ningunha, debendo o antes citado deixar expedito os locais cuxo uso se autoriza en prazo non superior a vinte e catro horas dende a notificación que ao efecto se curse da correspondente orde municipal.

Nomeadamente, neste caso, é preciso sinalar que na data en que se dita a presente Resolución non están fixados os calendarios de competición das categorías inferiores á que pode acceder o alumnado das Escolas Deportivas Municipais, polo que os horarios de uso poden quedar suspendidos ou modificados en función ás necesidades da competición.

Asinado dixitalmente na data que figura á marxe pola Alcaldesa- Presidenta, Ana Belén Ermida Igrexas, ante a Secretaria- Interventora Begoña Teijeiro Campo.

Cod. Validación: R7PL2CKGZWSEJSYMFPWD6SESE
Corrección: https://barreiros.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 4